



| Guía Docente          |   |                    |                      |          |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                      | 2017/18  |
| Asignatura (*)        | Literatura Inglesa (XVI-XVII)   | Código             | 613G03021            |          |
| Titulación            | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios   |                    |                      |          |
| Descritores           |   |                    |                      |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                 | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria          | 6        |
| Idioma                | Inglés  |                    |                      |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                      |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                      |          |
| Departamento          | Letras  |                    |                      |          |
| Coordinación          | Gomez Blanco, Carlos Juan   | Correo electrónico | carlos.gomezb@udc.es |          |
| Profesorado           | Gomez Blanco, Carlos Juan   | Correo electrónico | carlos.gomezb@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                      |          |
| Descrición xeral      | Análise da literatura inglesa dos seculos XVI e XVII, desde a época isabelina á Restauración. |                    |                      |          |

| Competencias do título |   |
|------------------------|---|
| Código                 | Competencias do título  |
| A1                     | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.  |
| A2                     | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.            |
| A6                     | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.  |
| A9                     | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.  |
| A10                    | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.                             |
| A11                    | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.  |
| A16                    | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.  |
| A17                    | Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.  |
| B1                     | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  |
| B2                     | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.  |
| B3                     | Adquirir capacidade de autoformación.   |
| B4                     | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.  |
| B5                     | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |
| B6                     | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.                                |
| B7                     | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.                                 |
| B8                     | Apreciar a diversidade.   |
| B10                    | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.   |
| C2                     | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.   |
| C6                     | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.             |
| C8                     | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe |                        |
|---------------------------|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título |
|                           |                        |



|  |  |   |                |
|--|--|---|----------------|
| - Ter un coñecemento avanzado da literatura angloirlandesa do XVI e XVII.                  | A1<br>A2<br>A6<br>A9<br>A10<br>A11<br>A16<br>A17 | B1<br>B2<br>B3<br>B5<br>B8                          |                |
| - Mellorar a competencia literaria, a capacidade de análise e síntese, e a visión crítica. | A1<br>A2<br>A6<br>A9<br>A10<br>A11               | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B10 | C6<br>C8       |
| - Ser capaz de elaborar ensaios e exponelos oralmente en lingua inglesa.                   | A1<br>A2<br>A6<br>A10<br>A16                     | B4<br>B5<br>B7<br>B8                                | C2<br>C6<br>C8 |
| - Coñecer a historia e a cultura de Gran Bretaña e Irlanda nun periodo de grandes cambios. | A16<br>A17                                       |   | C2<br>C6<br>C8 |

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| Elementos básicos ou xerais do programa  | Do renacemento á Ilustración. Datos históricos (política e a corte, relixión, a creación dun imperio en expansión, a aparición dos partidos políticos, a caída dos Estuardo) e evolución das clases sociais. Individualismo e mercantilismo. O contrato social. |
| 1. Introducción: Sociedade, cultura, política e literatura desde a Idade Media ata o século XVII.<br>1.1 Periodos isabelino e xacobeo<br>1.2. A Restauración                                     |   |
| 2. Oríxenes do teatro  | Teatro sacro e pagano. Sistema de produción nos miracle plays, etc.   |
| 3. Teatro na época de Isabel I e Xaime I.<br>3.1: sistemas de produción: teatros, compañías, público<br>3.2. O drama previo a Shakespeare: Kyd e Marlowe<br>3.3. Shakespeare<br>3. 4. Ben Jonson | Obras de lectura obrigatoria:<br>3.3 Shakespeare. The Merchant of Venice<br>Twelfth Night.<br>Othello<br>Macbeth<br>3.4 Ben Jonson. Volpone   |
| 4. Teatro da época carolina<br>4. 1. Middleton y Dekker<br>4.2 Webster   | Obra de lectura obrigatoria:<br>4.2 John Webster. The Duchess of Malfi  |
| 5.A Restauración, 1660-1700<br>5.1 Sistema de produción teatral: escenografía e actrices.<br>5.2 Ensaio de Dryden<br>5.3 Os grandes comediógrafos<br>5.4 Wycherley<br>5.5. Congreve              | Obras de lectura obrigatoria:<br>5.4 William Wycherley. The Country Wife<br>5.5 William Congreve. The Way of the World  |



|   |   |
|---|---|
| 6. Aspectos básicos da poesía dos séculos XVI e XVII: Shakespeare, Donne, Dryden e Milton | Sonetos, poesía metafísica, neoclasicismo, Paradise Lost. Fotocopias na clase únicamente. |
| 7. Aspectos básicos da prosa do XVII: Behn e Congreve.                                    | O orixe da novela inglesa: a picaresca e os romances. Fotocopias na clase únicamente.     |

| Planificación                 |   |                   |   |              |
|-------------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias  | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral              | A1 A2 A16 A17 B7 B8<br>C6 C8                          | 21                | 8   | 29           |
| Lecturas                      | A7 B3 B6 C5 C6 C8                                     | 0                 | 60  | 60           |
| Seminario                     | A7 B1 B6 B7 B8 B9                                     | 2                 | 6   | 8            |
| Proba obxectiva               | A1 A2 A6 A7 A9 C2                                     | 2                 | 4   | 6            |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A11 A16 B5 B7<br>B8 B10 C6 C8                   | 6                 | 10  | 16           |
| Presentación oral             | A1 A6 A9 A10 A11<br>A16 B1 B2 B3 B4 B5<br>B6 B7 C2 C8 | 8                 | 5   | 13           |
| Proba de resposta múltiple    | A7  | 1                 | 2   | 3            |
| Discusión dirixida            | A2 A6 A7 B8 C2  | 2                 | 10  | 12           |
| Atención personalizada        |   | 3                 | 0   | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |   |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías                  | Descrición  |
| Sesión maxistral              | O profesor exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa dos séculos XVI ao XVII, tendo en conta o contexto sociocultural. O obxectivo é proporcionar coñecementos xerais (datos históricos relevantes, sistema de produción, autores, obras e xéneros literarios máis representativos). Os textos de lectura obrigatoria terán unha presenza parcial nestas sesións, pois o profesor comentará autores (por exemplo, Marlowe, Donne ou Behn) e textos (por exemplo, sonetos de Shakespeare ou o ensaio sobre poesía dramática de Dryden) mediante fotocopias ou proxeccións.  |
| Lecturas                      | A lectura das fontes primarias é fundamentalmente traballo fora das clases, pois na clase a lectura tornase en comentario de texto realmente.   |
| Seminario                     | Os seminarios cos grupos medios centraranse no coñecemento da literatura inglesa dos séculos XVI e o XVII, pero os textos de lectura obrigatoria serán o núcleo, e a participación dos alumnos será esencial.   |
| Proba obxectiva               | Haberá un exame final oficial escrito obrigatorio (1ª oportunidade) que representará o 50 por cento da nota final e que consistirá na elaboración, perante un tempo determinado, dun ensaio académico ou comentario de texto sobre algunha(s) das oito lecturas, mais unha pregunta breve sobre datos dos seminarios e lección maxistrais. O alumno debe obter unha nota mínima total de 4 sobre 10 (en realidade, 2 sobre 5) para facer media.   |
| Análise de fontes documentais | Comentarios de texto (das fontes primarias obrigatorias) feitos nos grupos pequenos ou medianos.  |
| Presentación oral             | Cada alumno poderá facer unha presentación oral dun traballo tutelado durante o curso. O tema será un aspecto moi concreto dun dos 8 textos obrigatorios. A elección do mesmo farase entre os alumnos e o profesor. Será breve (8-9 minutos) e integrarase con unha discusión dirixida posterior. Esta si que é unha actividade que o alumno ten que preparar fora da aula. Valdrá un 10% da avaliación. Cando o alumno/a, por circunstancias varias, non poda facela, sempre poderá e deberá entregar o traballo por escrito antes do 15 de decembro (7-8 páxinas). Debido o número elevado de alumnos a presentación oral por parte de todos non é posible. |



|                            |   |
|----------------------------|---|
| Proba de resposta múltiple | Durante o curso, en datas prefixadas e comunicadas a través de Moodle, haberá 4 tests de preguntas específicas sobre as lecturas obxecto de estudo, para comprobar e incentivar a lectura continua. Non é unha actividade fora da clase realmente, pois o alumno simplemente ten que ler as fontes e membrar as historias. Un test de 15 minutos cada dúas lecturas obrigatorias. Cada test valdrá 0,5 puntos: dous puntos ou 20% da validación en total. |
| Discusión dirixida         | Se debatirán aspectos das obras do corpus nas clases de grupos pequenos. As veces se integrarán co exposición oral de 5 ou 6 alumnos (40 minutos).  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías   | Descrición   |
|--|--|
| <p>Análise de fontes documentais</p> <p>Seminario</p> <p>Presentación oral</p> | Supervisarase ao alumnado nas súas tarefas de comentario de textos ou presentacións, e recomendarase que cada estudante utilice as horas de titorías para afondar en cuestións relativas á materia para a solución de problemas. |

### Avaliación

| Metodoloxías                  | Competencias                                    | Descrición  | Cualificación |
|-------------------------------|---|---|---------------|
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A11 A16 B5 B7 B8 B10 C6 C8                | Comentarios de textos feitos nas clases. Recorellanse uns poucos durante o curso. 1.5 puntos.   | 15            |
| Sesión maxistral              | A1 A2 A16 A17 B7 B8 C6 C8                       | Asistencia activa. O alumno/a deberá asistir a un mínimo de 10 sesións para ser calificado con 0.4 p. Follas de firmas. Tamén será necesaria a participación activa nas clases de grupos (asistencia a 18 clases mínimo) para converter 0.4 en 0.5 (vid discusión dirixida).  | 4             |
| Discusión dirixida            | A2 A6 A7 B8 C2                                  | Debate na clase sobre temas concretos ou tras a presentación oral de cinco ou seis compañeiros. Terase en conta a presenza e a participación, e recorellanse notas tomadas polos alumnos durante o debate de cando en vez.  | 1             |
| Proba obxectiva               | A1 A2 A6 A7 A9 C2                               | Exame final: ensaio académico e comentario de texto sobre as obras do corpus mais unha pregunta breve sobre datos transmitidos nas leccións maxistrais e seminarios (50%; é decir, 5 puntos sobre 10).<br>OBSERVACIÓN: a nota mínima para facer media co resto é de 2 sobre 5 (4 sobre 10)  | 50            |
| Proba de resposta múltiple    | A7  | 4 tests de lectura das obras obrigatorias. 2 puntos sobre 10 (0.50 por test).   | 20            |
| Presentación oral             | A1 A6 A9 A10 A11 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C8 | O alumno que o desexe preparará e expondrá un aspecto concreto dos textos del corpus en un tempo máximo de 9-10 minutos. Logo entregará o traballo por escrito. Cando o alumno/a, por circunstancias varias, non quera o poda facer a presentación, sempre poderá entregar o traballo por escrito (aprox. 7-8 páx., dobre espacio) antes do 15 de decembro para que a actividade compute. 1 punto sobre 10. | 10            |
| Outros                        |   |   |               |

### Observacións avaliación



Nesta materia valorarase especialmente o coñecemento da historia da literatura inglesa e a capacidade do alumno para analizar razoadamente, empregando coñecementos teóricos básicos, dous oito textos literarios ingleses do corpus. A nota media final ha de ser igual a 5 para poder aprobar a materia. Os alumnos/as deberán obter tamén un mínimo de 2 sobre 5 puntos no exame, e de 2 sobre 5 na avaliación continua. Os alumnos/as que non fagan traballos, exposicións orais ou comentarios de texto non terán notas de avaliación continua. É necesario obter 2 puntos e terán que recuperalos na convocatoria de recuperación ou segunda oportunidade, aínda que teñan 5 de 5 puntos no exame de primeira oportunidade, algo que obviamente non é doado. A única lingua empregada en clase, os traballos e os exames será o inglés. As faltas de expresión graves (non de estilo) en lingua inglesa mermarán a nota en calquer actividade. Polo tanto recoméndase ós alumnos/as que se esmeren na redacción e a revisen. Tampouco se permitirán plaxios de fontes escritas ou dixitais nos exames ou traballos. Os alumnos deben adquirir competencia literaria propia en certa medida, aínda que é lóxico, e polo tanto perdoable, que os comentarios e interpretacións do profesor subexistan tras dita competencia. Cando o alumno/a, por circunstancias varias (enfermedade xustificada, dispensa, etc), non poda facer a presentación oral, sempre poderá entregar un traballo por escrito antes de exame de primeira oportunidade para que a actividade compute entón. Os alumnos/as que asistan e participen durante o curso na avaliación continua non poderán ser considerados como non presentados a partir da realización dun 25 % das actividades. Os alumnos a tempo parcial con dispensa deberán falar co profesor durante as dúas primeiras semanas para buscar alternativas á avaliación continua na primeira oportunidade. Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. A avaliación na oportunidade de xullo dividirase do xeito seguinte: 50% exame final + 50% actividades que substituirán o traballo feito durante a avaliación continua e que se especificarán ao publicar as notas da primeira oportunidade. Por exemplo, 4 tests similares ós feitos durante o curso deberán facerse o día do exame.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

Fontes primarias de lectura obrigatoria (orde cronolóxico utilizado nas clases) William Shakespeare. The Merchant of Venice (edición Arden Shakespeare recomendada) Shakespeare. Twelfth Night. (edición Arden Shakespeare recomendada) Shakespeare. Othello (edición Arden Shakespeare recomendada) Shakespeare. Macbeth (edición Arden Shakespeare recomendada) Ben Jonson. Volpone John Webster. The Duchess of Malfi William Wycherley. The Country Wife William Congreve. The Way of the World Consulta (fontes secundarias): --Beadle, Richard, ed. The Cambridge Companion to Medieval English Theatre. Cambridge: Cambridge University Press, 1994. --Braunmuller, A. R. and Michael Hattaway, eds. The Cambridge Companion to English Renaissance Drama. Cambridge: Cambridge University Press, 1997- --Canfield, John Douglas. Tricksters & Estates: On The Ideology of Restoration Comedy. Lexington, Ky. : Univ. Press of Kentucky, 1997. --Demetriou, Eroulla. Get thee to the Playhouse: An Introduction to Elizabethan and Shakespearean Drama for Young Students. Univ. de Jaen, 2009. --Dollimore, Jonathan & Sinfield, A. eds., Political Shakespeare: Essays in Cultural Materialism. Ithaca: Cornell Univ Press, 1994. --Elam, Keir. The Semiotics of Theatre and Drama. Londres: Routledge, 1980. --Fisk, Deborah Payne, ed. The Cambridge Companion to English Restoration Theatre. Cambridge Univ. Press. 2000. --Garber, Marjorie. Shakespeare and Modern Culture. Anchor Books, 2009. --Gay, Penny. The Cambridge Introduction to Shakespeare's Comedies. Cambridge U. P., 2008. --Hughes, Derek. English Drama, 1660-1700. Oxford: Clarendon Press, 1996. --Leggatt, Alexander. English Drama: Shakespeare to the Restoration, 1590-1660. Londres: Longman, 1988. --MacLean, Gerald, ed. Culture and Society in the Stuart Restoration: Literature, Drama, History. Cambridge: Cambridge University Press, 2008. --Owen, Susan J., ed. A Companion to Restoration Drama. Oxford: Blackwell, 2001. Shaughnessy, R. (ed). The Cambridge Companion to Shakespeare and Popular Culture. Cambridge U.P., 2007. --VV.AA. Historia crítica del teatro ingles. Alcoy: Marfil, 1988. --Wallace, David, ed. The Cambridge History of Medieval English Literature. New York: Cambridge UP, 1999. --Waller, Gary. English Poetry of the Sixteenth Century. London and New York: Longman, 1993. --Wells, Stanley & L. Cowen Orlin eds. Shakespeare: An Oxford Guide. Oxford U P., 2003.

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións



|  |
|--|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente                |
| Literatura Inglesa 1/613G03010<br>Literatura Inglesa 2/613G03017 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente                 |
|  |
| Materias que continúan o temario                                 |
|  |
| Observacións   |
|  |

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías